

**Convenio colectivo provincial de transportes de mercadorías por estrada da provincia de Ourense
(Anos 2005-2006)¹**

Artigo 1º.-Ámbito territorial e funcional.

Este convenio será de aplicación en toda a provincia de Ourense para todas as empresas e o seu persoal laboral encadradas nas seguintes alíneas do acordo xeral para empresas de transporte de mercadorías por estrada e os seus grupos ou categorías profesionais correspondentes:

- a) Operadores de transporte.
- b) Transporte de mercadorías.
- c) Transporte de mobles e mudanzas.

As normas contidas neste convenio afectan a todos os traballadores fixos, eventuais ou temporais de calquera clase que desempeñen as súas funcións nas empresas encadradas nas alíneas citadas.

Quedan expresamente excluídos os profesionais contratados para traballos específicos que, non tendo o carácter de fixos, interinos, eventuais ou temporais, realicen o seu traballo baseado na aceptación de minutas ou orzamento.

Artigo 2º.-Vixencia e duración.

Este convenio entrará en vigor para todos os efectos o día 1 de xaneiro de 2005, estendendo a súa duración até o 31 de decembro de 2006. Non obstante, o convenio prorrogarase tacitamente se non é denunciado por algunha das partes con tres meses de anticipación ao termo da súa vixencia.

Artigo 3º.-Comisión paritaria e AGA.

Crearase unha comisión paritaria como órgano interpretativo, para a vixilancia e cumprimento do convido, integrada por cinco membros de cada unha das partes asinantes deste convenio.

A comisión paritaria, como órgano interpretativo para a vixilancia e cumprimento do convenio, estará integrada por cinco membros de cada unha das partes asinantes deste convenio. Serán funcións específicas da comisión mixta as seguintes:

- a) Interpretación do convenio.
- b) Vixilancia do cumprimento do convenio.
- c) Establecemento de procedementos para solucionar as discrepancias no seo da propia comisión.
- d) Establecemento de procedementos voluntarios de solución de conflitos colectivos; concretamente ambas as partes acordan someterse ás disposicións contidas no AGA, Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo.

Artigo 4º.-Compensación e absorción.

Todas as melloras económicas e de traballo que se implantan en virtude deste convenio serán compensables e absorbibles, en cómputo anual e até onde alcancen, con todas aquelas melloras voluntarias que teñan concedidas as empresas, tanto se son aboadas en metálico como en especie. Sen prexuízo da facultade de ampliar as melloras establecidas neste convenio, as empresas que aboan ao seu persoal salarios superiores aos exixidos regulamentariamente non estarán obrigadas a aplicar as elevacións que se fixen nestas estipulacións salvo na contía necesaria para suplir as diferenzas.

¹ Publicado no DOG núm. 122, do 27 de xuño de 2005.

As disposicións legais futuras que impliquen variación económica dalgún ou de todos os conceptos retributivos, unicamente terán eficacia práctica se,

globalmente considerados e sumados aos vixentes con anterioridade ao convenio, superaran o nivel deste. No caso contrario, consideraranse absorvidas polas melloras pactadas.

Artigo 5º.-Período de proba.

A duración máxima do período de proba, que se deberá concertar por escrito, será de 6 meses para os técnicos titulados e de 2 meses para os restantes traballadores.

Artigo 6º.-Cesamentos voluntarios.

Os traballadores que desexen cesar voluntariamente no servizo da empresa estarán obrigados a pólo en coñecemento desta, cumprindo os seguintes prazos de aviso previo:

-Persoal titulado: 2 meses.

-Persoal técnico non titulado e administrativo: 1 mes.

-Persoal subalterno, aprendices e peóns: 15 días.

O incumprimento da obriga de avisar previamente coa referida anticipación dará dereito á empresa a descontar da liquidación do traballador unha contía equivalente ao importe do seu salario diario por cada día de atraso no aviso.

Artigo 7º.-Contrato para a formación laboral.

Debido ás necesidades de cualificación dos traballadores do sector e de acordo co establecido na alínea c) do parágrafo segundo do artigo 11 do Estatuto dos traballadores, segundo a redacción dada pola Lei 63/1997, a duración máxima dos contratos de formación laboral realizados aos traballadores afectados polo presente convenio será de tres anos.

A dita duración máxima será aplicable tanto aos contratos asinados a partir da entrada en vigor do deste convenio como aos xa vixentes con anterioridade.

Os traballadores contratados nesta modalidade recibirán durante o primeiro ano de vixencia do contrato as retribucións establecidas pola lexislación vixente, e o tempo restante pasarán a percibir o salario da categoría profesional a que estivesen adscritos.

Artigo 8º.-Contrato eventual por circunstancias da produción.

De acordo co previsto no artigo 15.1º b) do Estatuto dos traballadores e atendendo ás especiais circunstancias do sector, a duración máxima do contrato eventual por circunstancias da produción, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos será de 12 meses nun período de 18.

A dita duración máxima será aplicable tanto aos contratos asinados a partir da entrada en vigor deste convenio como aos xa vixentes con anterioridade.

Artigo 9º.-Contratación indefinida.

Durante a vixencia deste convenio, a conversión en indefinidos daqueles contratos que se concertasen

con carácter temporal ou por tempo determinado acollerase ao disposto na alínea b), parágrafo 2º da disposición adicional primeira da Lei 63/1997, do 26 de decembro, de medidas urxentes para a mellora do mercado de traballo e o fomento da contratación indefinida, pola cal os ditos contratos quedarán incluídos no réxime previsto para os contratos de fomento da contratación indefinida.

Artigo 10º.-Xornada laboral.

A xornada laboral será a imposta pola Comunidade Económica Europea recollida nos regulamentos da CEE números 3820/1985 e 3821/1985. No non previsto neste artigo

observarase o disposto no acordo xeral para as empresas de transportes de mercadorías por estrada (BOE do 29 de xaneiro de 1998) e no Real decreto 1561/1995.

Artigo 11º.-Licenzas.

Concederanse de acordo co establecido nas disposicións legais e serán:

- a) 15 días naturais en caso de matrimonio.
- b) 2 días en caso de nacemento de fillos, enfermidade grave ou falecemento de parentes até o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando por tal motivo o traballador necesite facer un desprazamento para o efecto, o prazo será de catro días.
- c) 1 día por traslado do domicilio habitual.
- d) Polo tempo necesario para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado observarase o que esta dispoña canto á duración da ausencia e á súa compensación económica.
- e) Os traballadores, por lactación de fillo menor de nove meses, terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións de media hora. A muller, pola súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución da xornada normal a unha hora coa mesma finalidade. Este dereito poderá ser desfrutado indistintamente polo pai ou a nai no caso de que ambos traballen.
- f) Os que por razóns de garda legal teñan ao seu coidado directo algún menor de seis anos ou un diminuído físico ou psíquico ou sensorial que non desempeñe outra actividade retribuída, terá dereito a unha redución da xornada de traballo coa diminución proporcional do salario entre un terzo e un máximo da metade da duración daquela.
- g) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.

Artigo 12º.-Salario.

A táboa salarial será a que figura no anexo I deste convenio e estará formada polo salario base mensual,

complemento de actividade e complemento de transporte. No 2006 o salario base e o complemento de actividade incrementarase na cantidade que resulte de aplicar aos salarios de 2005 o IPC real do 31 de decembro +0,25%.

Artigo 13º.-Antigüidade.

Este convenio colectivo non inclúe dentro da súa estrutura salarial o complemento de antigüidade, por tanto, a configuración deste complemento queda establecida do modo seguinte:

Os traballadores contratados a partir do 1 de agosto de 2000 non xeran aumentos periódicos polo concepto de antigüidade. Tampouco xeran incrementos periódicos por antigüidade aqueles que, aínda que fosen contratados nun momento anterior, non a adquirisen ao 1 de agosto de 2000.

Aqueles traballadores que na data de entrada en vigor deste convenio viñesen cobrando algunha cantidade en concepto de antigüidade, manterana, conxelada para anos sucesivos, como complemento ad personam, percibíndose en columna salarial independente e non sendo compensable nin absorbible con ningún outro incremento do convenio.

Artigo 14º.-Complemento de actividade.

Todos os traballadores incluídos no ámbito de aplicación deste convenio percibirán, en concepto de complemento de actividade a cantidade mensual que, de acordo coa súa categoría profesional, se fixa na táboa salarial incluída no anexo.

Artigo 15º.-Complemento de transporte.

Todos os traballadores incluídos no ámbito de aplicación deste convenio percibirán en concepto de complemento de transporte a cantidade de 35 euros mensuais, isto segundo se establece na táboa salarial incluída no anexo I. Esta cantidade non será incrementada no segundo ano de vixencia do convenio

Artigo 16º.-Pagas extraordinarias.

Establécense tres pagas extraordinarias de 30 días de salario base e antigüidade consolidada, denominadas paga extraordinaria de xullo, paga extraordinaria de Nadal e paga de beneficios ou paga de marzo.

A paga extraordinaria de xullo farase efectiva dentro do mes de xullo, consonte os salarios vixentes no 30 de xuño inmediatamente anterior. A paga extraordinaria de nadal farase efectiva antes do 22 de decembro consonte os salarios vixentes ao 30 de novembro inmediatamente anterior. Ambas as pagas poderán ser rateadas de mutuo acordo entre a empresa e o traballador.

A paga de beneficios ou paga de marzo devengarase do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de cada ano, facéndose efectiva antes do día 15 de marzo do ano seguinte. Esta paga poderá ser rateada naquelas empresas en que até a data o viñesen efectuando ao longo do ano.

Artigo 17º.-Traballos de categoría superior.

Se por conveniencia da empresa se destina un produtor a traballos de categoría superior á que teña atribuída durante un período superior a seis meses nun ano ou a oito durante dous anos, o traballador poderá reclamar o ascenso ou, en calquera caso, a cobertura da vacante. Durante o tempo de prestación do servizo o traballador percibirá a retribución da categoría a que circunstancialmente queda adscrito.

Artigo 18º.-Traballos de categoría inferior.

Se por conveniencia da empresa se destina un produtor a traballos de categoría inferior a aquela en que estea adscrito, isto só poderá ser posible pola existencia de necesidades perentorias ou imprevisibles da actividade produtiva e a mobilidade non poderá prexudicar a súa formación profesional. Durante o dito período, o produtor conservará o xornal correspondente á súa categoría.

Artigo 19º.-Persoal con capacidade diminuída.

As empresas deberán acomodar o persoal cuxa capacidade fose diminuída pola idade e outras circunstancias antes da súa xubilación ou retiro, destinándoo a outros traballos adecuados ás súas condicións, sempre que haxa praza vacante. O persoal acollido a esta situación non excederá o cinco por cento do total da categoría respectiva.

Artigo 20º.-Horas extraordinarias.

Observarase o disposto en cada momento sobre réxime de horas extraordinarias no sector do transporte.

Artigo 21º.-Vacacións.

Todos os traballadores, con independencia da súa antigüidade na empresa, terán dereito a 30 días naturais de vacacións remuneradas ao ano, deles ao menos 15 días ininterrompidos, podendo non obstante, e por petición do traballador, pactarse coa empresa a forma do seu desfrute, precedendo audiencia neste caso do comité de empresa ou delegados de persoal. O calendario de vacacións fixarase en cada empresa. O traballador coñecerá as datas que lle corresponden dous meses antes, ao menos, do comezo do seu desfrute.

Artigo 22º.-Festividade de Noite Boa.

Todo o persoal que traballe o día 24 e 31 de decembro a partir das 21 horas e até as 6 da mañá do día seguinte percibirá por este día o seu salario normal incrementado no 200 por cento.

Artigo 23º.-Axudas de custo.

As axudas de custo que se lles satisfarán ao persoal que se desprace da súa residencia por necesidade do servizo serán:

-30 euros por día dentro de Galicia.

-35 euros por día no resto de España e Portugal.

-46 euros por día no resto de Europa.

Alternativamente poderá fixarse, se así o ten establecido a empresa, o sistema de gastos a xustificar.

Artigo 24º.-Póliza de seguros.

As empresas comprendidas no ámbito de aplicación deste convenio establecerán para todos os traballadores unha póliza de seguros de morte e incapacidade permanente por accidente de traballo que garanta aos seus traballadores: 20.030 euros en caso de morte e 26.040 euros en caso de incapacidade permanente. As empresas que na data de publicación deste convenio non dispoñan de póliza de seguro, deberán subscribila no prazo máximo de 30 días a partir da súa publicación no BOP. As empresas que xa dispoñan de póliza de seguro a favor dos seus traballadores deberán actualizar a súa cobertura nas contías anteriormente citadas no prazo de 60 días a partir da súa publicación no BOP.

Artigo 25º.-Carné de conducir.

Os condutores a que, como consecuencia de conducir un vehículo da empresa, por orde e conta dela, se lles retire o carné de conducir por tempo non superior a 6 meses, serán asignados durante este tempo a outro traballo, aínda que sexa de categoría profesional inferior, nalgún dos servizos de que dispoña a empresa, e seguirá percibindo o salario correspondente á súa categoría.

O disposto neste artigo non será de aplicación nos casos de reincidencia dentro da vixencia do convenio, quedando excluídos deste beneficio os condutores privados do carné de conducir a consecuencia do consumo de drogas ou inxestión de bebidas alcohólicas, así como os casos en que a privación do permiso de conducir derive de feitos acaecidos no exercicio da actividade de conducir allea á empresa ou como consecuencia da comisión de delitos dolosos.

Artigo 26º.-Incapacidade temporal.

No suposto de IT derivada de enfermidade común, a empresa completará a partir do vixésimo día e durante un período máximo de dous meses a percepción do cento por cento do salario base establecido nas táboas que figuran no anexo I deste convenio. No caso de accidente laboral, a percepción será desde o primeiro día até un período máximo de tres meses, completando a empresa até o 100 por 100 do salario base establecido nas táboas que figuran no anexo deste convenio. O complemento a que se refire o parágrafo anterior soamente poderá percibirse unha vez ao ano.

Artigo 27º.-Muller traballadora.

Respectarase no seu traballo o disposto na Lei 39/1999, do 5 de novembro, sobre a conciliación da vida laboral e familiar.

Artigo 28º.-Roupa de traballo.

As empresas porán ao dispor do persoal luvas para manipular ferro, materias e obxectos que requiran

a protección das mans, e proverá os que efectúen traballos á intemperie de roupas de auga e botas adecuadas.

É obriga da empresa facilitar aos traballadores de movemento dúas pezas de roupa de traballo idóneas para o desempeño da súa misión e a súa reposición no momento en que sexa necesario. As citadas pezas cumprirán as condicións exixidas na Lei 31/1995, sobre prevención de riscos laborais.

Artigo 29º.-Garantías sindicais.

Recoñécense as garantías sindicais conforme o establecido na Lei orgánica de liberdade sindical.

Disposicións derradeiras

Primeira.-No non previsto neste convenio observarse o que determina o acordo xeral para as empresas de transporte de mercadorías por estrada, publicado no BOE do 29 de xaneiro de 1998, e no Estatuto dos traballadores.

Segunda.-Este convenio é asinado pola centrais sindicais UGT, CC.OO., representación da parte social e pola Asociación Autónoma de Empresas de Transportes de Mercadorías por Estrada (Apetamcor) e Asociación de Empresarios de Transportes de Mercadorías, Axencias de Transporte de Carga Completa e Fraccionada de Ourense (Aetrans) en representación da parte empresarial.

ANEXO

Táboas salariais (€) (ano 2005)

Categoría	Salario base	Complemento de actividade	Complemento de transporte
Conductor	562,79	70,35	35
Mecánico	562,79	70,35	35
Conductor-repartidor	527,68	70,35	35
Mozo de taller	497,22	42,21	35
Mozo de almacén	497,22	42,21	35

Administrativo	527,68	42,21	35